

SEGURIDADE

CONCELLERÍA DA ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPALCONCELLO
DE VIGO

ACTA N° 4- Expte. 47853-220

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 28 DE MAIO DE 2026 POLO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE ENXEÑEIRO DE MONTES (A1), DA O. E. P. DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 POLO PROCEDIMENTO OPOSICIÓN LIBRE

Reunidos nas dependencias da Área de Seguridade deste Concello, sitas na planta soto 1º, sendo as 09:00 horas do día 28 de maio de 2026, asisten os seguintes membros do Órgano de Selección a efectos de celebrar a sesión do mesmo:

Asisten:

- **Presidencia:** Dª María Dolores Bernárdez Fernández, adxunta xefa montes, parques e xardíns, na condición de Presidenta Titular do Órgano.
- **Secretaría:** Dº Rosa Ana Garcinuño Barreiro, técnica de administración xeral, xefa do servizo de seguridade, na condición de Secretaria Titular do Órgano, actuando con voz e sen voto.
- **Vogalía primeira:** Dª Cristina Tapias Bouso, enxeñeira industrial do Concello de Vigo, na condición de Vogal titular 1ª.
- **Vogalía segunda:** D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, arquitecto de obras e proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo, na condición de Vogal suplente 2º.
- **Vogalía terceira:** D. Juan Manuel Sánchez González, enxeñeiro de camiños do Concello de Vigo, na condición de Vogal titular 3º.

O órgano de selección, por unanimidade, aproba a acta número 3.

A Secretaria do Órgano de Selección entrega aos seus integrantes, para a súa consideración, informe xurídico de data 27/05/2026 dando cumprimento ao disposto na Base Xeral Décimo Oitava (*INCIDENCIAS*), parágrafo 4º, Bases publicadas no BOPPO n° 107, de 03/06/2024, que rexen o devandito proceso selectivo:

Procédese a lectura do mesmo co seguinte teor literal:

“(…) Dando cumprimento ao disposto na Base Xeral Décimo Oitava (INCIDENCIAS), parágrafo 4º, Bases publicadas no BOPPO n° 107, de 03/06/2024, que rexen o devandito proceso selectivo, emítese o seguinte INFORME XURÍDICO que se eleva ao Órgano de Selección para a súa consideración:

Tendo sido publicadas en data 14/05/2026 na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios as puntuacións provisionais asignadas aos aspirantes polo Órgano de Selección ao primeiro exercicio da oposición, de carácter obrigatorio e eliminatorio,

Dentro do prazo legal de tres (3) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación dos devanditos anuncios, interpuxeron, en tempo e forma, reclamacións en relación coas puntuacións que lles foron provisionalmente asignadas os seguintes aspirantes:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 10/06/2026 15:09

Páxina 1 de 6

3866-232

CSV: ABBCBA-27D14D-B14DC7-CDR7QW-TXWF78-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

*FONTÁN BOUZAS, M.X (DNI ***7959**), reclamación presentada en data 18/05/2026, con doc. N° 260124587.*

*MEIRA SUÁREZ, J.M. (DNI ***7548**), reclamación presentada en data 19/05/2026, con doc. N° 260125648.*

- *FONTÁN BOUZAS, M.X (DNI ***7959**), reclamación presentada en data 18/05/2026, con doc. N° 260124587.*

- Alega:

O aspirante solicita coñecer os criterios adoptados polo órgano de selección para realizar a valoración e puntuación do exercicio, criterios desagregados por preguntas, e logo da revisión do exame, solicita se proceda á corrección da puntuación que lle foi asignada sendo esta de 3 puntos.

- Motivación da proposta:

Segundo as bases específicas que regulan a convocatoria (BOPPO n° 21, de 31 de xaneiro de 2025), o primeiro exercicio da oposición ten carácter obrigatorio e eliminatorio e consiste en contestar por escrito, durante un período máximo de 2 horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, un dos temas xerais e tres dos temas específicos do temario.

As bases establecen que neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita, a capacidade de síntese e o rigor na súa exposición.

Trala lectura pública dos exercicios, o órgano de selección, por unanimidade dos seus membros, asignoulle a Fontán Bouzas un total de 3 puntos, sendo considerado non apto.

Despois da lectura, o órgano de selección, sen incorrer en arbitrariedade prohibida polo artigo 9.3 da C.E, debateu, e considerou que o aspirante tan só expuso no seu exercicio meras xeneralidades dos temas sen desenvolver o contido dos mesmos e sen demostrar un mínimo coñecemento da materia.

Debe traerse a colación a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-administrativo) de 16 de decembro de 2014 (Rec. 3157/2013) que supón un hito xurisprudencial sobre a discrecionalidade técnica dos órganos de selección, debendo respectarse a marxe de apreciación lexítimo e especializado do órgano de selección.

O reclamante non aporta ningunha proba que demostre un error groseiro na actuación do tribunal, nin acredita actuación arbitraria do mesmo, nin desviación de poder, nin un incumprimento das bases da convocatoria.

Na mesma liña cabe destacar as Sentenzas do Tribunal Supremo de 19/07/2010 - 18/12/2023 – 27/06/2023, - 13/04/2023 e Sentenza do TC 353/1993.

- Proposta:

*Polos motivos expostos, propónse desestimar a Reclamación Doc. n° 260124587, presentada en data 18/05/2026 por FONTÁN BOUZAS, M.X (DNI ***7959**).*

- *MEIRA SUÁREZ, J.M. (DNI ***7548**), reclamación presentada en data 19/05/2026, con doc. N° 260125648.*

- Alega:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/06/2026 15:09	Páxina 2 de 6
3866-232	CSV: ABBBCBA-27D14D-B14DC7-CDR7QW-TXWF78-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O aspirante solicita acceso ao expediente e coñecer os criterios de corrección adoptados polo órgano de selección para realizar a valoración e puntuación do exercicio, desglose individualizado da puntuación, desglose da puntuación por cada un dos catro temas desenvolvidos, criterios desagregados por preguntas, e logo da revisión do exame, solicita se proceda á revisión da puntuación que lle foi asignada sendo esta de 2 puntos. Solicita expresamente que dicho acceso se facilite por medios electrónicos

- Motivación da proposta:

Segundo as bases específicas que regulan a convocatoria (BOPPO nº 21, de 31 de xaneiro de 2025), o primeiro exercicio da oposición ten carácter obrigatorio e eliminatorio e consiste en contestar por escrito, durante un período máximo de 2 horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, un dos temas xerais e tres dos temas específicos do temario.

As bases establecen que neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita, a capacidade de síntese e o rigor na súa exposición.

Trala lectura pública dos exercicios, o órgano de selección, por unanimidade dos seus membros, asignoulle a Meira Suárez un total de 2 puntos, sendo considerado non apto.

Despois da lectura, o órgano de selección, sen incorrer en arbitrariedade prohibida polo artigo 9.3 da C.E, debateu, e considerou que o aspirante tan só expuso no seu exercicio meras xeneralidades dos temas sen desenvolver o contido dos mesmos e sen demostrar un mínimo coñecemento da materia, limitándose en moitas ocasións a reproducir o enunciado da pregunta do tema sen aportar ningún coñecemento da materia.

Debe traerse a colación a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-administrativo) de 16 de decembro de 2014 (Rec. 3157/2013) que supón un hito xurisprudencial sobre a discrecionalidade técnica dos órganos de selección, debendo respectarse a marxe de apreciación lexítimo e especializado do órgano de selección.

O reclamante non aporta ningunha proba que demostre un error groseiro na actuación do tribunal, nin acredita actuación arbitraria do mesmo, nin desviación de poder, nin un incumprimento das bases da convocatoria.

Na mesma liña cabe destacar as Sentenzas do Tribunal Supremo de 19/07/2010 - 18/12/2023 – 27/06/2023, - 13/04/2023 e Sentenza do TC 353/1993.

- Proposta:

*Polos motivos expostos, propónse dar acceso ao expediente ao aspirante e desestimar no resto a Reclamación presentada en data 19/05/2026, con Doc. Nº 260125648 por MEIRA SUÁREZ, J.M. (DNI ***7548**) (...)"*

Seguidamente o Órgano de selección con relación ao candidato Fontán Bouzas considera:

- **FONTÁN BOUZAS, M.X (DNI ***7959**), reclamación presentada en data 18/05/2026, con doc. Nº 260124587.**

O Órgano de selección procede a dar lectura da reclamación presentada por FONTÁN BOUZAS, M.X (DNI ***7959**) así como do exame realizado por este aspirante.

O aspirante solicita coñecer os criterios adoptados polo órgano de selección para realizar a valoración e puntuación do seu exercicio escrito, solicita coñecer os criterios desagregados por preguntas, e logo da revisión do exame, solicita se proceda á corrección da puntuación que lle foi asignada sendo esta un **total de 3 puntos**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/06/2026 15:09	Páxina 3 de 6
3866-232	CSV: ABBCBA-27D14D-B14DC7-CDR7QW-TXWF78-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo as bases específicas que regulan a convocatoria (BOPPO nº 21, de 31 de xaneiro de 2025), o primeiro exercicio da oposición ten carácter obrigatorio e eliminatorio e consiste en contestar por escrito, durante un período máximo de 2 horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, un dos temas debe ser da parte xeral do temario e tres dos temas específicos do temario. Realizado o sorteo os temas a exponer son: O tema 8 da parte xeral e temas 2, 18 e 72 da parte específica.

As bases establecen que neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita, a capacidade de síntese e o rigor na súa exposición. Polo tanto, estes son os criterios tidos en conta polo tribunal para puntuar os exercicios, son os criterios establecidos nas bases.

Con relación ao tema 8 da parte xeral realizado polo Sr. Fontán o tribunal, de xeito unánime, outorgoulle unha puntuación de 3 puntos. Considera que o Sr. Fontán tan só expón meras xeneralidades sobre a materia do tema 8 sen entrar en detalle nin demostrar un coñecemento serio e minimamente riguroso da materia. Considera o órgano de selección que o tema exposto carece de rigor e ten un déficit serio de coñecemento da materia.

Con relación ao tema 2 da parte específica, o tribunal, de xeito unánime, outorgoulle unha puntuación de 2 puntos. Considera que o Sr. Fontán carece de coñecementos sobre a Lei 43/2003, de montes, limitándose a realizar unha vaga introdución do tema sen demostrar coñecemento algún.

Con relación ao tema 18 da parte específica, o tribunal, de xeito unánime, outorgoulle unha puntuación de 5 puntos. Considera que o Sr. Fontán aporta algún coñecemento do tema (Deseño de áreas infantís) que fai merecedor que con benevolencia do tribunal se le outorguen 5 puntos neste tema, xa identifica conceptos pero non entra a desenvolver os mesmos de xeito preciso nin riguroso.

Con relación ao tema 72 da parte específica, o tribunal, de xeito unánime, outorgoulle unha puntuación de 2 puntos. Considera que o Sr. Fontán carece de coñecementos sobre a materia, realizando unha vaga introdución do tema.

O aspirante esquencen que está a opositar a unha praza de funcionario de carreira grupo A1 na que debe demostrar coñecemento da materia e, visto o seu exercicio, nada mais lexos da realidade posto que estamos ante un exercicio muy deficiente no que ao contido da materia se refire.

Debe traerse a colación a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-administrativo) de 16 de decembro de 2014 (Rec. 3157/2013) que supón un hito xurisprudencial sobre a discrecionalidade técnica dos órganos de selección, debendo respectarse a marxe de apreciación lexítimo e especializado do órgano de selección.

O reclamante non aporta ningunha proba que demostre un error groseiro na actuación do tribunal, nin acredita actuación arbitraria do mesmo, nin desviación de poder, nin un incumprimento das bases da convocatoria. Na mesma liña cabe destacar as Sentenzas do Tribunal Supremo de 19/07/2010 - 18/12/2023 - 27/06/2023, - 13/04/2023 e Sentenza do TC 353/1993.

Acordo do órgano:

Polos motivos expostos, o Órgano de selección acorda desestimar a Reclamación Doc. nº 260124587, presentada en data 18/05/2026 por FONTÁN BOUZAS, M.X (DNI *7959**), considerando NON APTO (3 puntos) a este aspirante no primeiro exercicio.**

- **MEIRA SUÁREZ, J.M. (DNI ***7548**), reclamación presentada en data 19/05/2026, con doc. Nº 260125648.**

O aspirante solicita acceso electrónico ao expediente e coñecer os criterios de corrección adoptados polo órgano de selección para realizar a valoración e puntuación do exercicio, desglose individualizado da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/06/2026 15:09	Páxina 4 de 6
3866-232	CSV: ABBBCBA-27D14D-B14DC7-CDR7QW-TXWF78-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

puntuación, desglose da puntuación por cada un dos catro temas desenvolto, criterios desagregados por preguntas, e logo da revisión do exame, solicita se proceda á revisión da puntuación que lle foi asignada sendo esta un total de 2 puntos.

Segundo as bases específicas que regulan a convocatoria (BOPPO nº 21, de 31 de xaneiro de 2025), o primeiro exercicio da oposición ten carácter obrigatorio e eliminatorio e consiste en contestar por escrito, durante un período máximo de 2 horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, un dos temas debe ser da parte xeral do temario e tres dos temas específicos do temario. Realizado o sorteo os temas a exponer son: O tema 8 da parte xeral e temas 2, 18 e 72 da parte específica.

As bases establecen que neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita, a capacidade de síntese e o rigor na súa exposición. Polo tanto, estes son os criterios tidos en conta polo tribunal para puntuar, son os criterios establecidos nas bases.

Con relación ao tema 8 da parte xeral, o tribunal, de xeito unánime, outorgoulle unha puntuación de 5 puntos. Considera que o Sr. Meira aporta algún coñecemento do tema (administración electrónica) que fai merecedor de cualificar este tema con 5 puntos, xa qu eo aspirante identifica conceptos pero non entrar a desenvolver os mesmos de xeito preciso nin riguroso.

Con relación ao tema 2 da parte específica, o tribunal, de xeito unánime, outorgoulle unha puntuación de 0 puntos. Considera que o Sr. Meira carece de coñecementos absolutos sobre a Lei 43/2003.

Con relación ao tema 18 da parte específica, o tribunal, de xeito unánime, outorgoulle unha puntuación de 1 puntos. Considera que o Sr. Meira carece de coñecementos absolutos sobre a materia aportando unha mera xeneralidade.

Con relación ao tema 72 da parte específica, o tribunal, de xeito unánime, outorgoulle unha puntuación de 2 puntos. Considera que o Sr. Meira carece de coñecementos sobre a materia, realizando unha vaga introdución do tema.

Debe traerse a colación a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-administrativo) de 16 de decembro de 2014 (Rec. 3157/2013) que supón un hito xurisprudencial sobre a *discrecionalidade técnica* dos órganos de selección, debendo respectarse a marxe de apreciación lexítimo e especializado do órgano de selección. O reclamante non aporta ningunha proba que demostre un error groseiro na actuación do tribunal, nin acredita actuación arbitraria do mesmo, nin desviación de poder, nin un incumprimento das bases da convocatoria. Na mesma liña cabe destacar as Sentenzas do Tribunal Supremo de 19/07/2010 - 18/12/2023 - 27/06/2023, - 13/04/2023 e Sentenza do TC 353/1993.

Acordo do órgano:

Dar acceso ao expediente ao Sr. Meira e desestimar no resto a Reclamación presentada en data 19/05/2026, con Doc. Nº 260125648 por MEIRA SUÁREZ, J.M. (DNI *7548**).**

E sen máis asuntos que tratar finaliza a sesión sendo as 10:30 horas, levantándose acta do actuado, da que da fe a Sra. Secretaria, co Vº e prace do Sra. Presidenta.

A Secretaria

Rosa Ana Garcinuño Barreiro
(data segundo sinatura dixital)

A Presidenta

María Dolores Bernárdez Fernández
(data segundo sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/06/2026 15:09	Páxina 5 de 6
3866-232	CSV: ABBCBA-27D14D-B14DC7-CDR7QW-TXWF78-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/06/2026 15:09	Páxina 6 de 6
3866-232	CSV: ABBCBA-27D14D-B14DC7-CDR7QW-TXWF78-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		